

A Coruña, 11 de agosto de 2026

O 11 de agosto de 1946 abriu as súas portas cunha solemne inauguración oficial, á que asistiron as principais autoridades da Coruña

O Hospital HM Modelo cumpre 80 anos como referente da sanidade privada en Galicia

- O carácter pioneiro co que naceu o hospital a mediados do século pasado mantívose intacto ao longo destas oito décadas
- Dirixido historicamente pola familia Cobián, integrouse en marzo de 2014 no Grupo HM Hospitales, o que supuxo para o centro coruñés un salto decisivo tanto a nivel tecnolóxico como asistencial

Hai exactamente 80 anos, o 11 de agosto de 1946, abría as súas portas na Cidade Xardín da Coruña o Sanatorio Quirúrgico Modelo, cunha inauguración oficial á que asistiron as principais autoridades civís, militares e relixiosas da cidade, así como unha nutrida representación do colectivo médico, ao servizo do cal se poñía a infraestrutura, segundo explicaban os responsables do centro naquel momento.

O edificio, que se foi ampliando co paso do tempo, contaba inicialmente con tres plantas, dous quirófanos, sala de partos e gabinete radiolóxico, ademais de salas de esterilización e todos os avances tecnolóxicos da época. Pouco despois da súa posta en funcionamento, o hospital iniciou unha campaña para promover un cambio de paradigma nos usos da época relacionados coa maternidade, poñendo de relevo os beneficios de dar a luz nun contorno hospitalario, en lugar de vivir os partos no domicilio, como era habitual daquela.

A partir de aí, sucedéronse múltiples fitos. En 1965, o Sanatorio Quirúrgico Modelo puxo en marcha a primeira Unidade de Coidados Intensivos de Galicia; en 1970 abordou unha importante ampliación das instalacións; en 1988 puxo en funcionamento o servizo de Medicina Nuclear, que continúa a ser un elemento diferencial na sanidade privada galega; en 1993 incorporou a hemodinámica á súa oferta de servizos; en 1997, a hospitalización a domicilio; e, no ano 2002, instalou o primeiro PET (tomógrafo por emisión de positrons) de Galicia. Pouco despois, en 2005, asumiu a xestión da veciña Maternidade Belén, situada tamén na Cidade Xardín, para concentrar nela toda a actividade pediátrica e obstétrica e optimizar así as instalacións do hospital.

Integración no Grupo HM Hospitales

Dirixido durante máis de 60 anos por varias xeracións da familia Cobián, en 2014 o hospital integrouse nun dos grupos sanitarios máis importantes do país, Grupo HM Hospitales, o que supuxo un punto de inflexión para o centro, non só desde o punto de vista do investimento, senón tamén polas sinerxías e pola fortaleza dunha compañía referente con presenza en distintas comunidades autónomas.

Tal e como explica o doutor Pablo Asensio, director médico de HM Hospitales en Galicia, “se o Hospital Modelo xa era pioneiro e referente na sanidade privada galega, nos últimos 12 anos experimentou un salto extraordinario. Investíuse moito para dotar o centro da tecnoloxía máis avanzada e convertelo nun centro atractivo para os mellores profesionais”. Así, desde 2014, ampliáronse as instalacións con dous policlínicos excelentemente dotados: un en Matogrande e outro na Ronda de Nelle. Tamén foi o primeiro hospital de Galicia en incorporar o robot cirúrxico da Vinci e inaugurou recentemente unha nova área cirúrxica de cirurxía maior ambulatoria (CMA), equipada coa tecnoloxía máis avanzada do mercado, que ocupa toda unha planta do centro hospitalario.

Cómpre salientar tamén a formación e a docencia como un dos piares da cultura de HM Hospitales, que se desenvolveu no Hospital HM Modelo a través dun acordo coa Universidad Intercontinental de la Empresa (UIE), o que constitúe outro elemento diferencial no ámbito da sanidade privada galega. Esta alianza tradúcese na posta en marcha, no vindeiro curso, do grao de Enfermaría da UIE, para o que HM Hospitales puxo á disposición da Universidade tanto o equipo humano como as instalacións do Hospital HM Modelo.

“Para min —explica o doutor Asensio—, e creo que falo en nome do conxunto dos profesionais que traballamos aquí, é un orgullo desenvolver o noso labor nun centro con esta traxectoria e coas perspectivas de futuro que ten o Hospital HM Modelo. É un centro que se rexe por un compromiso inquebrantable co paciente, coa calidade asistencial e coa excelencia en todos os ámbitos da súa actividade. Todo isto permítenos captar e fidelizar o talento que necesitamos para continuar avanzando nesta senda de mellora continua, polo menos durante outros 80 anos”.

HM Hospitales

HM Hospitales é o grupo hospitalario privado de referencia a nivel nacional que basea a súa oferta na excelencia asistencial, á que suma a investigación, a docencia, a constante innovación tecnolóxica e a publicación de resultados.

Dirixido por médicos e con capital 100 % español, conta actualmente con 7.500 profesionais que concentran os seus esforzos en ofrecer unha medicina de calidade e innovadora, centrada no coidado da saúde e do benestar dos seus pacientes e familiares.

HM Hospitales está formado por 55 centros asistenciais: 25 hospitais, 3 centros integrais de alta especialización en oncoloxía, cardioloxía e neurociencias, 5 centros especializados en medicina da reprodución, saúde ocular, saúde bucodental, medicina estética e cirurxía plástica e prevención precoz personalizada, ademais de 22 policlínicos. Todos eles traballan de maneira coordinada para ofrecer unha xestión integral das necesidades e requirimentos dos seus pacientes.

Actualmente, HM Hospitales en Galicia dispón de 4 hospitais con máis de 260 camas e 27 quirófanos que dan resposta a todas as especialidades médicas e cirúrxicas, e conta coa máis avanzada tecnoloxía de diagnóstico por imaxe. Destacan a UCI de adultos e neonatal, os servizos de urxencias 24 horas e urxencias pediátricas, a medicina nuclear e HM Fertility Center, entre outros. Estes recursos súmanse aos do resto do grupo no conxunto de España, todos eles coa maior cualificación técnica e humana.